

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de abril de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e oito minutos do día sete de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Domínguez Olveira, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(412).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(413).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PASOS SOBREELEVADOS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77551/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 6.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a empresa Sercoysa, Poxectos y Obras S.A.o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial (expediente 77551-210) por un prezo total de 174.799,24 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 24.110,24euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 5 persoas, aporta a maiores 2 persoas procedente de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 18-03-2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. (A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.